

**REAL
FILHARMÓNIA
DE GALICIA**



TEMPORADA
2024 - 2025
AUDITORIO DE GALICIA

NOVOS TERRITORIOS

XOVES 27 MARZO 2025

Auditorio de Galicia, 20.30 h

REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA

Josep Planells Schiaffino, director

Sara Ferrández, viola

CONVERSANDO CON... Josep Planells Schiaffino,

Sara Ferrández e Helga Arias

Sala Mozart, 19.45 h



PROGRAMA

I

CHARLES IVES (1874-1954)

Washington's Birthday

Very slowly

Allegro

Andante

HELGA ARIAS (1984)

I breathe every sound you leave behind*

* Co-encarga Real Filharmonía de Galicia –
Basel Sinfonietta. Estrea en España

II

HECTOR BERLIOZ (1803-1869)

Harold en Italia

Harold aux Montagnes

Marche de pèlerins

*Sérénade d'un Montagnard des Abruzzes à
sa maîtresse*

Orgie de Brigands

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

TEMPORADA 2024 - 2025

A Real Filharmonía de Galicia créase no ano 1996 en Santiago de Compostela, e ten a súa sede permanente no Auditorio de Galicia, na cidade de Santiago de Compostela. Está formada por cincuenta músicos de 17 nacionalidades diferentes. Baldur Brönnimann é, desde 2023, o seu director titular e artístico e Sebastian Zinca o seu director asistente desde 2024. Coa orquestra colaboran os máis destacados directores, cantantes e instrumentistas de todo o mundo.

A RFG está comprometida en achegar a música clásica a todo o territorio galego, aos públicos máis novos e destaca, ademais, o seu compromiso co patrimonio musical galego. Xestionada polo Consorcio de Santiago, a RFG está financiada pola Administración Xeral do Estado, a Xunta de Galicia e o Concello de Santiago.

DIRECTOR

Josep Planells Schiaffino

VIOLA

Sara Ferrández

VIOLÍNS I

James Dahlgren,
concertino
Adriana Winkler,
axuda de concertino
Anca Smeu **
Anna Alexandrova
Yulia Petrushevskaya
Ildiko Oltai
Ilya Fisher
Michal Ryzcel
Victoria Jurov
Yiran Niu ***

VIOLÍNS II

Nikolay Velikov *
Enrique Roca **
Irina Gruia
Samira Ajkic
Gyula Vadaszi
Kiyoko Ohashi

Helena Sengelow

Pedro Budiño ***

VIOLAS

Natalia Madison *
Ionela Ciobotaru **
Ignacio Marino
Iriana Fernández
Anne Schlossmacher
Oxana Bakulina
Timur Sadykov
Xiana Baliñas ***
Inês Fernando ***

VIOLONCELLOS

Barbara Switalska *
Millán Abeledo **
Thomas Piel
Fabio Arias
Carlos García
Manuel Lorenzo
Esther Fernández ***

CONTRABAIXOS

Carlos Méndez *
Alfonso Morán **

Amador Del Pozo

Irene Sancho ***

FRAUTAS

Laurent Blaiteau *
Luis Soto **

ÓBOES

Esther Viúdez *
Avelino Ferreira **

CLARINETES

Beatriz López *
Vicente López **

FAGOTES

Manuel Veiga *
Belén Carril (R)

TROMPAS

Alfredo Varela *
Xavier Ramón
Jordi Ortega
Roi Guzmán ***

TROMPETAS

Javier Simó *

Ramón Llåtser **

Víctor Vilarinho (R)

Oscar Rial ***

TROMBÓNS

Iago Ríos (R)
Juan Luis Novo (R)
Brais Molina (R)

TUBA

Miguel Franqueiro (R)

PIANO

Haruna Takebe (R)

ARPA

Bleuenn Le Fric (R)

TIMBAL

José Vicente Faus *

PERCUSIÓN

Marta Prado (R)
Jorge Denis***

ELECTRÓNICA

Helga Arias

*principal | **coprincipal | ***EAEM (Curso Avanzado de Especialización Orquestral) | (R) reforzo

JOSEP PLANELLS SCHIAFFINO

DIRECTOR

O compositor e director Josep Planells Schiaffino colaborou con numerosos conxuntos e orquestras, entre eles a WDR Sinfonierochester Köln, Basel Sinfonietta, Lucerne Festival Academy Orchestra, Deutsche Radio Philharmonie Saarbrücken, Orquestra Nacional de España, Bilbao Orkestra Sinfonikoa, Orquestra de València, Bayerisches Landesjugendorchester, Sächsische Bläserphilharmonie, Ensemble Modern, Ensemble Mosaik, Zafraan Ensemble, Remix Ensemble, Danubia Orchestra Óbuda e a Kritisches Orchester e en eventos e auditorios destacados como o Theater Basel, Kölner Philharmonie, Fondation Royaumont, Lucerne Festival, Slovenian Philharmonic, Rudolf-Oetker-Ache, Bockenheimer Depot, Frankfurt LAB, Auditorio Nacional de España, Palau da Música de València, Theaterhaus Stuttgart, Casa da Música do Porto, o Museo Nacional Centro de Arte Reina Sofía, a Fundación Juan March, o Palau de Lles Arts ou o Wittener Day de nova música de cámara, entre outros.

Pola súa música foi galardoado con numerosos premios, entre eles, a Roche Young Commission do Festival de Lucerna,

o New Scenes IV da Deutsche Oper Berlin, o DAAD-Prize, o primeiro premio Vorhof der Völker de Berlín, o terceiro premio no Felix Mendelssohn Bartholdy Hochschulwettbewerb e o primeiro premio no Concurso INJUVE. Entre os seus encargos figuran unha peza para o taller de dirección INTERAKTION, o Zafraan Ensemble, a WDR Sinfonieorchester Köln, a Orquesta Nacional de España, o INAEM, o Sigma Project, Vibrart, Trio Musicalis, o CNDM e para a Beethoven-Haus Bonn, onde viviu como parte da residencia de compositores da Studienstiftung deas Deutschen Volkes.

Como director, Josep Planells Schiaffino foi asistente de Franck Ollu de 2017 a 2020, con quen participou nas producións de *Jakob Lenz* de Rihm na Staatsoper de Berlín (coa dirección de Andrea Breth), *Medea* de Dusapin nos Festspiele de Salzburgo e *Macbeth Underworld* na Opéra Comique de París (coa dirección de Thomas Jolly), coa Deutsche Symphonie Orchester de Berlín para o Festival Ultraschall e en Oresteia de Xenakis no Theater Basel (baixo a dirección de Calixto Bieito), facendo o seu debut orpéutico cando dirixiu dúas representacións en

abril de 2017. Estudou con Fred Buttkewitz en Berlín e participou en varias clases maxistrals con Peter Rundel no Porto e con Peter Eötvös en Budapest e Múnic. En 2015 gañou o primeiro premio de Interpretación no Concurso Hanns Eisler. En 2019 traballou con Matthias Pintscher e Heinz Holliger como parte da Bolsa de Dirección do Festival de Lucerna.

Nos últimos anos colaborou regularmente co Ensemble Modern, co que participou en proxectos como *Story Water* (Emanuel Gat Dance) e *Dresden Frankfurt Dance Company meets Ensemble Modern* de Jacopo Godani. En 2020 debutou como director operístico en España dirixindo *A frauta máxica* no Teatre Principal de Palma de Mallorca (en coprodución con Opéras Zuid Maastricht). Desde 2022 traballa regularmente no Gran Teatre do Liceu, debutando no Foyer na tempada 2021-22 dirixindo a estrea da ópera de cámara *Entre los árboles*, de José Río Parella. En 2023 asistiu a Josep Pons na premiada produción de *Parsifal* e recentemente traballou con Pierre Bleuse na estrea de *Orgia* de Hèctor Parra. A tempada pasada tamén debutou como director na Pierre Boulez Saal.

Nacido en Valencia en 1988, Josep Planells Schiaffino obtivo o seu Diploma de Clarinete no Conservatorio Superior de Música Joaquín Rodrigo e a súa Licenciatura e Máster en Composición baixo a dirección de Arnulf Hermann e Hanspeter Kyburz

na Hochschule für Musik Hanns Eisler de Berlín. Durante este tempo tamén recibiu clases de Salvatore Sciarrino, Brian Ferneyhough e Wolfgang Rihm. Obtivo o apoio da Fundación Alexander von Humboldt, Studienstiftung deas Deutschen Volkes, Förderverein do HfM "Hanns Eisler", La Caixa/DAAD, a Bolsa Elsa-Neumann do Estado de Berlín e a Fundación Peter Eötvös. Completou un doutoramento na Universidade de Cambridge supervisado por Richard Causton e financiado por un Premio do Vicerreitor Honorario do Cambridge Commonwealth, European & International Trust e unha Bolsa de Doutoramento Pigott.

Un dos máis recentes logros de Josep Planells Schiaffino foi gañar o 42.º Premio Reina Sofía de Composición Musical. O xurado seleccionou a súa obra *Metalepsis* entre case oitenta partituras presentadas.

Durante o curso académico 2021-22 foi profesor convidado de composición na Escola Superior de Música de Catalunya (ESMUC) e desde 2023 dirixiu diversos proxectos no Conservatorio do Liceu. Tamén impartiu conferencias no Conservatorio Superior de Música de Castela e León, a Universidad Complutense de Madrid e a Universidade de Cambridge.

SARA FERRÁNDEZ

VIOLA

Aclamada pola crítica polo seu cálido son, naturalidade e musicalidade no escenario, Sara Ferrández é unha das violistas máis prometedoras da súa xeración. A súa visión innovadora da música e a súa extraordinaria maneira de tocar envolven o público nunha atmosfera única, mesmo nas máis grandes salas de concerto.

A pesar da súa mocidade, Sara actuou en varias das mellores salas internacionais, como son a Philharmonie de Berlín, Elbphilharmonie de Hamburgo, Alte Oper de Frankfurt, Victoria Hall de Xenebra, Auditorio Nacional de Música de Madrid ou l'Auditori, entre moitas outras.

Entre as súas recentes e futuras aparicións como solista, cabe destacar a súa colaboración coa Orquesta Sinfónica RTVE (Chloé van Soeterstède), a Orquesta Sinfónica del Principado de Asturias (Lina González Granados), a Orquesta de Extremadura (Andrés Salgado), a Orquesta Simfónica de Barcelona e Nacional de Catalunya (Cristian Macelaru), ademais dos seus debuts coa Orquesta y Coro Nacional de España (Julio García Vico).

Esta temporada marca tamén o principio da súa posición como colaboradora artística da Orquesta del Principado de Asturias. En 2023 Sara lanzou o seu primeiro EP, *En La Intimidad*, onde presenta unha das obras mestras de J.S Bach, a *Suite núm. 1 en Sol maior*.

Amante da música de cámara, Ferrández é convidada frecuentemente a varios dos festivais internacionais máis importantes, como Verbier Festival, Classiche Forme, Arezzo Festival, Utrecht Chamber Music Festival ou Sion Festival, onde colabora con consagrados artistas como Janine Jansen, Beatrice Ra, Amihai Grosz, Pablo Ferrández, Vilde Frang, Kian Soltani ou Daishin Kashimoto.

Durante dous anos, Ferrández formou parte da Karajan Academy da Filharmónica de Berlín (2019-2022), e segue colaborando actualmente con varios dos membros da orquestra. Sara tamén forma parte da West Eastern Divan Orchestra baixo a dirección de Daniel Barenboim. Así mesmo, realizou xiras como membro do *ensemble Mutter's Virtuosi* xunto á prestixiosa violinista Anne-Sophie Mutter.

HELGA ARIAS

COMPOSITORA

Comeza os seus estudos de composición no RCSM de Granada, ampliando a súa formación en Milán e Parma con Javier Torres Maldonado. Máis tarde continúa os seus estudos en música electrónica na Universität für Musik und darstellende Kunst de Viena co compositor austríaco Karlheinz Essl e tamén un posgrao en composición na Kunstuniversität Graz con Beat Furrer.

Contemporaneamente recibe clases de compositores como Kaija Saariaho, Chaya Czernowin, Georg Friedrich Haas, Toshio Hosokawa, Pierluigi Billone, Isabel Mundry, Mark André, Alberto Posadas e Gabriel Erkoreka, entre outros e participa en varias clases maxistras con Helmuth Lachenmann, Wolfgang Rihm, Philippe Manoury, José María Sánchez Verdú ou Daniel Teruggi.

Alguns dos galardóns recibidos inclúen o primeiro premio na categoría de Orquesta de Cámara do RCSM Victoria Eugenia de Granada, premio FIDAPA Concorso Internazionale Città dei Udine (Italia), Shut up and listen!, Viena; primeiro premio na ca-

tegoría instrumento solo e electrónica, Wittener Tage für neue Kammermusik Competition (Witten, Alemaña), a mención honorífica no premio de Composición Musical Colexio de España – INAEM 2016 ou o segundo premio no concurso internacional do ACC (Asian Culture Center) de Corea do Sur.

As súas obras foron interpretadas en distintos países de Europa, América e Asia, como no ISCM World Music Days en Tongyeong (Corea do Sur), Centre Pompidou de París, Donaueschinger Musiktage (Next Generation), DRK Singapore, CMC Toronto, Konzerthaus de Berlín, Festival Mixtur de Barcelona, Atlantic Music Festival de Maine, EUA, Foro Internacional de Musica Nova (México), Domaine Forget (Nouvelle Ensemble Modern) Canadá, Casa do Suono dei Parma (Italia), Etchings Festival (Francia), Echoraum Vienna, Experimentalstudio Academy da SWR, Friburgo, 3rd International Forum for Young Composers (Sond'ar-che, Electric Ensemble) en Cascais, Portugal, Wittener Tage für neue Kammermusik (Alemaña) ou Sonutopias (Santiago de Compostela), Fundación BBVA ou

NOTAS AO PROGRAMA

NOVOS TERRITORIOS

Festival Carmelo Bernaola por *ensembles* como o Ensemble Intercontemporain, Ensemble SurPlus, International Ensemble Modern Academy (IEMA), Vertixe Sonora, Nouvelle Ensemble Moderne, ECCE ensemble, Taller Sonoro, Sond'arte electric ensemble, Ensemble Cepromusic, Ensemble Progress Berlin, Sigma Porject, Feedback e Ensemble d'arts entre outros.

Recentemente finalizou un posgrao en Música Electrónica na Universität für Musik und darstellende Kunst Wien baixo a supervisión de Karlheinz Essl grazas a unha bolsa de formación da SGAE.

Actualmente reside en Suíza, onde compaxina a composición co labor docente.

Helga Arias é doutoranda na universidade Anton Bruckner de Linz, onde realiza unha investigación sobre os procesos colaborativos na composición.

O concerto que esta noite ofrece a Real Filharmonía leva por título *Novos territorios* e nel teremos ocasión de escoitar obras de Charles Ives, Helga Arias e Hector Berlioz. A orquestra presenta unha miscelánea de autores, xéneros e épocas que teñen, como veremos, un nexo común: o feito de que todas as obras fan referencia a un elemento extra-musical.

En primeiro lugar re-visitamos a figura de Charles Ives (1874-1954), autor cunha presenza destacada nesta temporada *Inconformistas*, coa súa obra *Washington's Birthday*. Como xa temos sinalado, Ives chegou a ser un dos axentes de seguros máis importantes dos EUA coa súa empresa Ives & Myrick, o que non foi óbice para que desenvolvese unha interesante carreira como compositor. De feito, e a pesar de que nos seus inicios estivo un pouco illado e menosprezado, é considerado un dos compositores máis renovadores da escena musical americana e o primeiro en crear un corpus de música culta especificamente estadounidense. A súa influencia deixouse ver en nomes tan relevantes como Edgar Varèse, Henry Cowell e John Cage e nos últimos anos da súa carreira recibiu galardóns e recoñecementos tan importantes como o Premio Pulitzer e foi nomeado membro do Instituto das Artes e das Letras. No seu

estilo compositivo conviven trazos e reminiscencias ben diversas como a música popular americana –marchas de banda, cancións de salón, *ragtime*–, a música cantada nas igrexas protestantes, a tradición clásica europea e novas ideas como a politonalidade, a polirritmia, a forma aberta ou os *clusters*, que entrarían no campo denominado música experimental, do que foi un expoñente pioneiro. O seu catálogo é abundante e variado e inclúe pezas vocais (salmos, himnos, baladas, cancións populares), música de cámara, obras para órgano e música orquestral .

A peza que hoxe nos ocupa, *Washington's Birthday* é a primeira das catro partes que conforman unha obra máis ampla titulada *Holidays Symphony* en cada unha das cales se conmemora un día de festa nacional nunha das estacións do ano: *Washington's Birthday* (aniversario do primeiro presidente dos EUA), *Decoration Day* (fin da Guerra de Secesión), *The Fourth of July* (festa da independencia americana), *Thanksgiving and/or Forefathers' Day* (acción de grazas e conmemoración do primeiro desembarco de puritanos en territorio americano). A obra completa estreouse en 1953 e a idea de cada parte era, en palabras do propio Ives, recrear «un día de festa como o que todo individuo conserva nos recordos da súa infancia», neste caso na súa cidade natal de Connecticut a finais do s. XIX. Os movementos adoitan tocarse de maneira independente como esta noite. *Washington's Birthday* foi composta en 1909 para unha orquestra relativamente pequena e estreouse en 1913. Pretende evocar o inverno, pálido e nevado, unha paisaxe de Nova

Inglaterra, á vez que soan fanfarras que interpretan danzas alegres que se mesturan coa melodía *Turkey in the Straw* na frauta para rematar cunha alusión a outra canción popular: *Good night, Ladies*.

A continuación, asistiremos á estrea en España da obra *I breathe every sound you left behind* da compositora vasca Helga Arias, co-encargada pola Real Filharmonía de Galicia e a Basel Sinfonietta. A peza é unha interpretación persoal e íntima do *Poema n° 3* de Sonia Sánchez (1934), destacada poeta, escritora e profesora estadounidense, membro do coñecido como Black Arts Movement. A obra de Sánchez está impregnada de temática social e política, especialmente as cuestións relacionadas co sexismo nas comunidades afroamericanas. O *Poema n° 3* consta de oito versos dunha gran brevidade e nel a voz poética apela a un amante anónimo transmitíndonos sentimentos de nostalgia e intimidade, e utilizando a metáfora do son e a respiración para reflectir a proximidade emocional e física, así como a ausencia.

*I gather up
each sound
you left behind
and stretch them
on our bed.
each night
I breathe you
and become high.*

O texto ten unha gran carga simbólica, a voz que nos fala, explica como recolle os «sons» que o seu amante deixou, depositaos sobre a cama, atopando unha sensación case eufórica de conexión ao respirar estes rastros. Arias comenta que este poema suscitou nela unha profunda reflexión sobre como a sociedade trata a sexualidade feminina e como esas dinámicas afectan non só á forma en que as mulleres expresan o amor e o desexo, senón tamén como experimentan os seus propios corpos e identidades. A compositora define así esta nova obra: «Nesta composición musical, quixen subliñar a natureza delicada e introspectiva do poema. A composición combina unha parte electrónica coa miña propia voz murmurada recitando unha interpretación persoal do poema, sobre un sutil fondo orquestral. A orquestra, á súa vez, crea una atmosfera sonora que reflicte os temas de intimidade, desexo e reflexión do poema. A través desta conxerencia de voz e orquestra, espero evocar a tranquila pero poderosa paisaxe emocional do poema, un espazo onde o son se converte en memoria, onde a respiración se converte en intimidade e onde o persoal se converte en universal. A intención é resaltar o sentimento íntimo, retrospectivo e persoal do poema, ofrecendo aos oíntes unha viaxe sonora que se faga eco da súa silandeira intensidade e dos seus ecos marmulados»

O concerto remata coa segunda sinfonía de Hector Berlioz (1803-1869), titulada *Harold en Italia*. O compositor é un dos autores máis destacados do romanticismo francés e un dos principais expoñentes, xunto con Franz Liszt, da corrente programática dentro

da música orquestral do século XIX, aquela que apela a referentes extra-musicais e se contrapón á chamada música absoluta ou pura. Berlioz é considerado o pai da orquestra moderna e en 1843 escribiu o primeiro tratado sobre orquestración da historia, o seu famoso *Traité d'Instrumentation et d'Orchestration*, no que propón anovadoras combinacións instrumentais que sitúan o parámetro do timbre en pé de igualdade coa melodía e a harmonía como medio expresivo. Tocaba a frauta e a guitarra pero nunca aprendeu piano, e ademais de compositor traballou como crítico e director de orquestra. A súa produción foi ampla e variada, destacando óperas como *Benvenuto Cellini*, *Los Troyanos*, *Béatrice et Bénédict*; música relixiosa (*Réquiem*, *Te Deum*); catro sinfonías (*Sinfonía Fantástica*, *Harold en Italia*, *Romeo e Xulieta*, *Sinfonía fúnebre e triunfal*); aberturas; extractos sinfónicos de ópera; unha orquestración da *Marsellesa* ou o ciclo de cancións *Les nuits d'été*.

Harold en Italia, a súa segunda sinfonía, foi comezada en 1833, despois de que Niccolò Paganini, o famoso virtuoso do violín, lle encomendara a tarefa de compoñer unha obra para viola solista que lle estrearía cunha viola Stradivari coa que contaba. A obra resultante está a medio camiño entre un poema sinfónico e un concerto para viola. Trátase dunha sinfonía concertante en 4 movementos ou episodios, na que a viola é unha especie de personaxe –moitos estudosos relaciónana con Childe Harold de Lord Byron– ao que lle van sucedendo distintos acontecementos. Berlioz emprega, ao igual que na súa *Sinfonía fantástica*, a técnica da *idée fixe*, un tema cíclico que

percorre todos os movementos, confiado neste caso ao instrumento solista. O resultado decepcionou nun primeiro momento ao impulsor deste traballo, Paganini, xa que a viola ten un papel bastante igualado coa orquestra e el tiña en mente algo máis virtuoso onde fose o protagonista, así que se negou a estrea. A *premiere* tivo lugar o 23 de novembro de 1834 no Conservatorio de París a cargo de Chrétien Unhran, un célebre violista da época. Anos despois, en 1838, Paganini cambiaría de opinión, felicitando a Berlioz e pagando, tal e como figura nas memorias do compositor, unha importante cantidade de cartos pola obra (vinte mil francos da época).

A sinfonía ten catro movementos: 'Harold nas montañas. Escenas de melancolía, felicidade e alegría', 'Marcha dos peregrinos cantando a pregaría ao atardecer', 'Serenata dun montañés dos Abruzos á súa amada' e 'Orxía dos bandidos. Recordos de escenas precedentes'. O primeiro movemento divídese en dúas partes, unha introdución lenta e logo unha segunda sección rápida, e en ambas recicla material da súa abertura de concerto *Rob-Roy*. A introdución comeza cos violonchelos e contrabaixos presentando un ambiente sombrío que dá entrada a outros instrumentos que se van unindo. Despois, a viola interpreta por primeira vez o tema de Harold acompañada pola arpa. O *allegro* posterior responde a unha forma ben clásica. O segundo, 'Marcha dos peregrinos cantando a pregaría ao atardecer' (*Allegretto*) recrea unha procesión de peregrinos e nel escoitamos unha marcha que se aproxima e logo se perde na distancia conformada por dous temas diferentes

que se acaban fundindo entre eles. A seguinte parte, 'Serenata dun montañés dos Abruzos á súa amada' (*Allegro assai*), estivo inspirada, ao parecer, pola viaxe do propio compositor aos Abruzos en 1833. Comeza cun *ritornello* de carácter popular, no que oboe e *piccolo* imitan os *pifferari* (unha especie de caramela, instrumento de lingüeta dobre típico do sur de Italia) e a continuación, aparece a serenata confiada ao corno inglés como solista acompañado pola corda. A viola presenta de novo o tema de Harold que se mestura co da serenata, volta do *ritornello* e logo outra vez a viola, cun contrapunto da frauta e harmónicos na arpa. Finaliza o movemento a solista, precedida dun derradeiro recordo do *ritornello*. No último, 'Orxía dos bandidos. Recordos de escenas precedentes' (*Allegro frenético*) retómanse temas dos movementos anteriores. Logo escoitaremos unha especie de rondó, no que aparece un tema recorrente. A viola sucumbe neste movemento de gran virtuosismo orquestral.

En suma, un concerto variado e cun título ben apropiado, *Novos territorios*: unha obra de conmemoración, na que Ives explora coa introdución de músicas populares no contexto clásico; unha estrea inspirada por un belo poema no que se fusionan sons electrónicos e acústicos; e a segunda sinfonía dun dos *Inconformistas* destacados desta tempada, Berlioz, que nos propón unha obra moi orixinal polo tipo de relación entre solista e orquestra, pola elección da viola como instrumento solista e polo timbre e a orquestración empregadas.

Carme Tubío Barreira

**REAL
FILHARMÓNIA
DE GALICIA**



AUDITORIO DE GALICIA

Avenida do Burgo das Nacións, s/n
15705 Santiago de Compostela

DESPACHO DE BILLETES

AUDITORIO 981 571 026
ZONA C 981 542 462

OFICINAS

981 552 290

rfgalicia.org
compostelacultura.gal

INSTAGRAM

@realfilharmoniadegalicia
@compostelacultura

FACEBOOK

RealFilharmoniadeGalicia
CompostelaCultura

TWITTER

@CCultura

TIKTOK

@realfilharmoniadegalicia

**PRÓXIMO CONCERTO
ENCrucILLADA**

XOVES 10 ABRIL

Auditorio de Galicia, 20.30 h

Sebastian Zinca, director

Iñaki Alberdi, acordeón

- Sofiya Gubaidulina: Fachwerk
- Dmitri Shostakovich: Sinfonía núm. 1 en fa menor, op. 10

CONVERSANDO CON... Sebastian Zinca e Iñaki Alberdi

Sala Mozart, 19.45h

